



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

**ACTA Nº 2024/14**  
**SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**- CASA DO CONCELLO, MARTES 3 DE DECEMBRO DE 2024 -**

No día de hoxe, ás 09:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria Urxente do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

FRANCISCO JAVIER SAR ROMERO (Alcalde)

**ASISTEN:**

PSOE

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

OLALLA BENLLOCH LEMA

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

PATRICIA DOMINGUEZ MARINO

FELIPE VILELA VILELA

BNG

MARIA MERCE BARRIENTOS VARELA

PP

SANDRA VILELA RIVEIRO

SOFIA LOPEZ SIMON

ROSARIO GONZALEZ LEMA

IxMuxía

AURELIA MARIA PICALLO MERLÁN

**SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ**

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

**ORDE DO DÍA**

**1.-Ratificación urxencia da convocatoria**

O Sr. Alcalde explica: “Tiñamos pensado facer un REC para estes e outros pagos pendentes unha vez que saíse definitivamente publicada a subvención de 193.000€ da Deputación Provincial. Non é posible esperar pois para xustificar xa unha subvención da obra do Río Negro non podemos ter débedas en ATRIGA e figuran estas, de aí a urxencia deste Pleno.”

Dna. Merce Barrientos pregunta se esas reclamacións de pago son do ano 2023 ou 2024, ao que lle contesta que son do ano 2023.

Pregunta a continuación Dna. Merce Barrientos se se vai a deducir ese importe da subvención da Barca.

Contesta o Sr. Alcalde que ese é un asunto a estudar pois a subvención era de 80.000€ pero si sumamos eses 15.000 o importe sería de 95.000€.



**CONCELLO DE MUXIA**  
(A Coruña)

Rúa Real, 35  
15124 MUXÍA (A Coruña)  
Telfs: 981 742 117  
981 742 528  
981 742 001  
Fax: 981 742 298  
CIF: P1505300B  
[correo@muxia.es](mailto:correo@muxia.es)  
[www.concellomuxia.com](http://www.concellomuxia.com)

Sometida a urxencia a votación queda aprobada por unanimidade dos integrantes do Pleno.

## **2. Recoñecemento extraxudicial de crédito (liquidación de Portos 8/2024)**

O Sr. Alcalde explica o contido da proposta.

Intervén a continuación Dna. Sandra Vilela, grupo municipal PP: “Quen solicitou o permiso foi o Concello e por eso recibe a liquidación. Este é outro capítulo da herdanza de requirimentos de pago por non pedir permisos a tempo, non atender ás indicacións de Augas de Galicia, etc., outro capítulo da súa pésima xestión. Agora vaixe pagar 600€ de multa por colocar a árbore do Nadal en 2023 sen permiso. Este ano pagaremos 180€ de ocupación ao facer as cousas ben, pedindo permiso e pagando en tempo e forma.

Seguiremos con máis capítulos.

Sometido o asunto a votación o Pleno, cos votos a favor do grupo municipal IxM (2) e PP (4), e a abstención do resto (5 do PSOE), acorda:

*Levantar o reparo suspensivo da Intervención municipal ao respecto.*

*Aprobar o expediente de Recoñecemento Extraxudicial de crédito 8/2024 aprobando:*

*-LIQUIDACIÓNS DE PORTOS DE GALICIA RELATIVOS A OCUPACIÓN DE: FESTAS DA BARCA 2023 POR IMPORTE DE 15.750,39*

*- ÁRBORE DE NADAL 2023, POR IMPORTE DE 43,20€*

Ás 9:45 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria dou fe.

Concello de Muxía, luns 9 de decembro de 2024

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Francisco Javier Sar Romero